



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 5 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 27 DE ABRIL DE 2023

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

Da. María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

Da. María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

Da. María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita)

D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

Da. María Sambade Lloréns (Non adscrita)

Da. María Lago Lestón (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

SECRETARÍA XERAL

Da. Mónica Freire Dosil

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. Parte dispositiva



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 4 do pleno ordinario do 30 de marzo de 2023

A señora alcaldesa, Da. María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 4 do pleno ordinario do 30 de marzo de 2023 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase por unanimidade a acta anterior núm. 4 do pleno ordinario do 30 de marzo de 2023 cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (3).

Segundo. Proposta de recoñecemento de Bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. Declaración de especial interese ou utilidade municipal das construcións, instalacións ou obras por circunstancias de fomento do emprego

Intervén a alcaldesa que explica a proposta que vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

“ANTECEDENTES

Solicitud de 23.01.2023 e posterior escrito do 22.03.2023 formulada polo interesado solicitando a bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras aplicable sobre as obras dunha nave para taller e exposición de carpintería metálica no Parque Empresarial de Muros, bloque 4, parcela 12 (Exp. 2021/U022/000018).

A bonificación solicitada fundáméntase en circunstancias de fomento do emprego polo compromiso do interesado á contratación de dous novos traballadores.

Informe do Tesoureiro Municipal, de data 17.04.2023, sobre a normativa, procedemento e requisitos aplicables para o recoñecemento da bonificación solicitada.

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, infórmase favorablemente e propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO

ÚNICO. Acordar a declaración de especial interese das obras dunha nave para taller e exposición de carpintería metálica no Parque Empresarial de Muros, bloque 4, parcela 12 (Exp. 2021/U022/000018), promovidas por Trimar Cerramientos Martínez Lago, S.L. (B76560842), por concorrer circunstancias de fomento do emprego.”

A señora alcaldesa sinala que se comprometen a crear dous postos de traballo e que a bonificación ascende a 2.951,65 €.

A Sra. González di que xa votaron a favor na comisión informativa.

A Sra. Lago sinala que lles parece importante que se cree emprego no concello pero que non estaría de máis incluír unha cláusula a que os postos que se xeren sexan persoas residentes en Muros.

A Sra. Alfonso di que lle parece ben a iniciativa.

A señora alcaldesa di que o regulamento que bonifica o ICIO e doutros impostos en función do número de postos creados e vanse crear en Muros, e di que sempre é unha boa nova a instalación de empresas novas e que é un bo acordo para rematar os plenos desta lexislatura.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (3), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

ÚNICO. Acordar a declaración de especial interese das obras dunha nave para taller e exposición de carpintería metálica no Parque Empresarial de Muros, bloque 4, parcela 12 (Exp. 2021/U022/000018), promovidas por Trimar Cerramientos Martínez Lago, S.L. (B76560842), por concorrer circunstancias de fomento do emprego.

B. Mocións de urxencia

Non se presentan.

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Terceiro. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 177/2023 do 1 de marzo de 2023 ata o núm. 297/2023 do 31 de marzo 2023, e das XGL núm. 5 de 2 de marzo de 2023, núm. 6 de 9 de marzo de 2023 e da núm. 7 do 24 de marzo de 2023 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Cuarto. Rogos e preguntas

A señora alcaldesa di que tiñan unha pregunta pendente da Sra. Lago de a canto ascenden os proxectos do POS 2023 realizados polo mesmo enxeñeiro, a señora alcaldesa sinala que non sabe moi ben a que se refire, aos proxectos, aos honorarios de redacción... A Sra. Lago responde ao que cobrou polos proxectos. E a señora alcaldesa sinala que redactou catro proxectos e cobrou 17.014,40 euros.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González sinala que quere facer unha pregunta con respecto aos membros do GES e pregunta xa que eles están presentes se poden intervir.

A señora alcaldesa di que non se deixou intervir a outras persoas, e pregúntalle á señora secretaria, que sinala que non pode intervir o público asistente.

A Sra. González pregunta por que non conseguiron ter representación na mesa que se celebrou o 30 de novembro de 2022, xa que o pediron por escrito con tempo suficiente, e tamén pediron que se lle enviara esa acta e non se lle enviou. Sinala que saíu en moitos medios que hai unha reivindicación do GES de Muros na que reclaman dous centos mil euros, e di que unha das condicións que propuxeron que se abonase aos membros do GES varias cantidades, e a señora alcaldesa dixo que xa estaba liquidado, e a Sra. González sinala que traen a copia da demanda que presentaron os membros do GES na que reclaman horas extra dende o 2020 ata a data actual e indica que se acordou unha comparecencia previa para o 19 de abril, polo que pregunta se xa se celebrou e di que non entende que se faga isto cos membros do GES e roga que a Tesourería do Concello abone as cantidades que se están a reclamar e tamén rogan que se lle subministre material ao GES posto que o incumprimento do convenio entre a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña e o Concello de Muros pode chegar a privarnos desta base.

A señora alcaldesa di que quedaron moi sorprendidos por esa noticia xa que sempre tiveron as portas abertas a todo o persoal aos que trataron sempre con todo o respecto e consideración, mantiveron sempre unha boa relación cos sindicatos, cos representantes sindicais e cos traballadores na mesa de negociación e fóra dela e ao longo destes catro anos tiveron once mesas de negociacións e varias reunións con distintos colectivos e déuselle saída a moitos problemas derivados da nefasta política de persoal que se viña desenvolvendo no Concello dende fai anos e fixeron o posible e case o imposible por cumprir as obrigas do



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

concello con todos os traballadores e sábeno ben os membros da corporación polas xeracións de crédito que houbo que facer para dar cumprimento a varias demandas interpostas antes da súa chegada ao goberno. Abonáronse as sentenzas, declaracións de fixeza, compra de material para os traballadores que o precisaban, púxose en marcha a oferta de emprego público para resolver a temporalidade e o propio GES hai apenas un ano, agradecía ao Concello a compra de roupa técnica para desenvolver o seu traballo, e di que a única explicación que atopan a este escrito é enmarcalo na precampaña de eleccións sindicais. Na mesa de negociación están representadas CIG, CCOO e UXT, e que un sindicato externo, sen representación, poña en cuestión o traballo desenvolvido nesas once mesas, entende que é unha cuestión de precampaña das eleccións sindicais, na que non van a entrar, e como decidan facer campaña, é cousa deles. E di que o certo é que non existe ningunha demanda de ningún sindicato r de ningunha sección sindical contra o Concello de Muros, si hai unha reclamación xudicial polas horas extra interposta no mes de abril do ano 2022 por varios traballadores do GES, e a audiencia da que fala a Sra. González pospúxose para requirir máis documentación, e de momento non hai ningunha resolución xudicial que corrobore o que se afirma. E preguntaban por que non permitiu estar presentes os membros do GES nunha mesa de negociación, e di que nesa mesa, do 30 de novembro de 2022, a Alcaldía dou traslado á mesa do escrito presentado o 28 de novembro de 2022, no que dous traballadores solicitaban estar presentes na mesa, e someteuse á consideración dos membros da mesa, polo que non é ela quen decide quen vai e que non vai, son os propios traballadores. E insiste en que teñen abertas as portas a falar con todos os traballadores.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Lago di que acaba de quedar abraiada porque a señora alcaldesa trouxo un texto elaborado en contra dunha noticia que saíu na prensa, e di que ao longo desta corporación aprobáronse diversas mocións que suporían un avance social para o concello, acordos que se incumpriron todos, e di que é de resaltar que fai catro anos, afeaba isto, e pregunta se non lle cae a cara de vergoña despois de incumprir todos os acordos plenarios, e continúa dicindo que coa chegada ao goberno comprometeuse a elaborar a RPT e esta daría solución a gran parte da situación irregular que sofre o persoal do concello e prefiren hipotecar o orzamento, e pregunta se van a rematar o mandato sen presentala, e para rematar di que se están membros do GES na sesión plenaria, seguramente terán algo que dicir, e quen traballa ten que cobrar as horas, e di que lle sorprende vendo a infinidade de litixios que hai neste momento, que non se busque un acordo, polo que a pregunta é, quen se beneficia economicamente da infinidade de recursos que hai.

A señora alcaldesa di que fala de tres ou catro mocións que se levaron, e sinala que se levaron moitas máis que si se levaron a cabo, e sobre estas cuestións fóronlle contestando nas sesións plenarios e nas que se fixeron varias actuacións e iniciativas; e en canto á elaboración da RPT di que sería un milagre que en apenas dous anos de goberno se solucionaran todos os problemas do persoal que son moitos, e di que se presentou unha proposta organizativa no pleno anterior para estudo dos representantes; di que por suposto quen traballa ten que cobrar pero non todas as resolucións xudiciais son favorables e sinala que nunca se opuxeron aos dereitos do persoal. En canto ao orzamento, di que non cre que vaian atopar un orzamento máis hipotecado ca o que encontraron eles xa que tiveron que facer numerosas incorporacións de crédito para facer fronte ao pagamento de diversas sentenzas. Cre que non beneficia a ninguén a presentación de demandas, só no caso de recoñecemento de dereitos. E na maioría das veces, non se opoñen ao que corresponda a cada un, pero hai cuestións xurídicas que son discutibles. Insiste en que fixeron bastante con respecto ao tema de persoal.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Alfonso:

A Sra. Alfonso di que a súa intervención non vai ser electoral xa que non se vai presentar máis, e falan dun presuposto hipotecado e que ía dicir que lle alegraría que se atopasen cun presuposto como no goberno anterior, mais o prexudicado sería o pobo de Muros, e falan de facer unha RPT durante a pandemia que é algo difícil, e di que o equipo de goberno utiliza a pandemia como escusa para todo e que a seguen utilizando, mais podíase facer traballo telemático que é unha traballo recoñecido e válido. Dixo moitas veces que estaba en marcha, pero non a fixeron. Podería preguntarlle por todo o que lle preguntou durante os catro anos, mais, está todo exactamente igual, e por suposto, a culpa será dela ou do goberno anterior, e sinala



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

que se despide da corporación e da política local activa con moito pesar e con pena e desexándolle ao pobo de Muros moita sorte nas próximas eleccións.

A señora alcaldesa di que a súa intervención non contiña ningunha pregunta, que era un relatorio.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Sambade:

A Sra. Sambade di que non lle quedou nada claro, esta xente que reivindicada as horas extra, pregunta se as traballaron, e se as fixeron, por que non se lles paga, e a señora alcaldesa di que no concello non consta que traballaran ese número de horas, e di que os argumentos de defensa non son para discutir.

E pregunta se os contedores do Mercado han de volver ao seu sitio, e a señora alcaldesa responde que se retiraron porque existía un punto de vertido incontrolado e porque os camións novos de recollida son un pouco máis anchos.

A señora alcaldesa remata dicindo que este é o último pleno ordinario e que quere agradecer o traballo que se fixo por parte dos membros da corporación e desexarlles sorte.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e dez minutos, e de todo o que eu como secretaria dou fe e co visto e prace da alcaldesa en funcións dona María Inés Monteagudo Romero.

Documento asinado dixitalmente.